



Os nomes dos devanceiros. Antroponimia estradense, séculos XVII e XVIII

Juan Andrés Fernández Castro

juanandresfc@yahoo.es

Resumo. Ofrécese un estudo do corpus antroponímico das parroquias estradenses de Guimarei, Figueroa e Ouzande nos séculos XVII e XVIII empregando como fonte os Arquivos Parroquiais, e máis concretamente os libros de rexistros de bautizados e difuntos. Préstase especial atención aos criterios de elección dos nomes e á súa frecuencia; valor simbólico de cada un deles e lugar que ocupan nos nomes compostos; á transcripción de nomes e apelidos, o seu proceso evolutivo e as transformacións que se observan mediante o seu tratamento diacrónico.

Abstract. The article presents a study about the anthroponymical corpus of A Estrada parishes, Guimarei, Figueroa and Ouzande, in the 17th and 18th centuries based on parish files and, especially, on baptism and death records. It has special attention to the criteria to choose the names and their frequency, their symbolic value and their place in the compounds, the names and surnames transcription and all the casuistry hesitation observed in their diachronic treatment.

I. Introducción

Os arquivos parroquiais, auténtico tesouro documental asequible a todos, ofrecen ao investigador infinitas posibilidades de consulta. A información neles contida é especialmente rica no eido da onomástica e máis concretamente da antroponimia, disciplina que versa sobre os nomes das persoas e, por extensión, dos seus apelidos. O tratamento cuantitativo de ambas as dúas partículas xunto coa análise de certas singularidades especialmente salientables, constitúen o obxecto desta breve achega.

O ámbito xeográfico do estudo comprende as tres parroquias que antano compartían o lugar de A Estrada, a saber: Guimarei, Ouzande e Figueroa, das que se segregou a mediados do século dezanove, dando lugar ao actual núcleo urbano. Empregouse como fonte principal os respectivos libros de bautizados onde, xunto co nome do novo cristiano, se rexistran o nome e apelidos dos pais e padriños e, xa en épocas serodias, tamén os dos avós. Deste xeito completamos satisfactoriamente a decimooitava centuria pero a información



Texto: “En veinte días del mes de noviembre de [mil] seiscientos y cincuenta y uno yo Mauro rector desta feligresía bauticé una hija de Antonio da Ponte y de su mujer María Pereiras vecinos desta feligresía puse nombre Antonia fueron sus padrinos Pedro da Graña y Dominga de Nodar mujer de Juan de Villa Verde, vecinos desta feligresía y les advertí sus obligaciones y lo firmo”.

reducíase considerablemente a medida que retrocedíamos no tempo, pois o século XVII, pola propia limitación da fonte -o rexistro de Figueroa empeza no 1698, o de Guimarei no ano 1702 e o de Ouzande no 1651-, quedaba escasamente representado, circunstancia que mermaría considerablemente a validez das conclusións. Daquela optamos por unha ampliación da mostra mediante a incorporación de listas nominativas de falecidos nados no decurso do século dezasete, aínda sacrificando a calidade da información pois nas partidas de defunción daquela época omítese sistemáticamente os apelidos maternos. Deste xeito, e con aquelas limitacións, acadamos 720 inscricións para o século XVII, completando un total de 4.008 nomes: 1950 mulleres e 2058 varóns. O índice de masculinidade resultante = 105'53, confirma a calidade dos rexistros.

II. A elección do nome

A primeira obriga dos pais, no mesmo día do parto ou no seguinte, era bautizar ao meniño e darlle o nome co que en adiante se coñecería. Pero ¿cal era a súa marxe de liberdade no referente á elección? ¿ata que punto se vían condicionados pola tradición, os costumes ou a propia condición social? ¿E cantos nomes se imporían: un, dous, tres, cinco...?

A elección de un nome entre os douscentos cincuenta, aproximadamente, que compoñían o repertorio da época, implicaba un acto responsable no que participaba a familia, achegados e amigos, conscientes todos eles de que o nome era algo máis que unha palabra que servía para denominar -función identificativa-, a unha persoa. Sabían moi ben que mediante o nome establecíase un vínculo poderoso entre o seu portador e o referente de quen se tomaba -función representativa-, que podía ser real, impondo, por exemplo, o nome de José Antonio aos numerosos afillados do influínte Marqués de Guimarei don José Antonio Mosquera Sotomayor, ou simbólica, cando se optaba por chamar Natividad a unha meniña nacida o 25 de decembro. Consecuentemente, cando alguén nomeaba ou oía falar de “José Antonio” en Guimarei, a mediados do século XVIII, entendía que se referían a un protexido do Marqués e polo mesmo persoa de consideración; dun xeito parecido os Felipes Ou Felipas evocaban o nome do rei. Sen esquecer aos abondosos Feliciano-Feliciano en Guimarei nos primeiros anos do século XVIII, sen dúbida relacionados co daquela rector da parroquia, don Feliciano Fernández de Boán.

Debemos salientar tamén a capacidade dos nomes de persoas para transmitir información, codificada ou non, que os contemporáneos saben interpretar, mais que tamén pode ser útil ao historiador para recrear o universo simbólico e mentalidade das xentes que os levaron. Neste sentido non é en absoluto casual que se lle dese o nome de Socorro Francisca a unha meniña que, en perigo inminente de morte recibiu as *aguas de socorro*, ou bautismo de urxencia de mans de Francisco, que a apadriñou máis tarde. Tampouco o é o feito de chamar Primitivo e Secundina ao primeiro e segundo dos irmanciños xemelgos que viron a luz por este orde, conforme se explica detalladamente nas correspondentes partidas de bautismo. E como derradeiro exemplo da intensa función evocativa do nome citare-

mos o de Buenaventura, aquela meniña abandonada na porta da igrexa e felizmente rescatada por un parroquiano que a levou a bautizar coidándoa coma a unha filla.

O santoral católico ofrecía unha xenerosa nómina de nomes. Sen embargo observamos que tan só 5 deles, (Antonio/Antonia; José/Josefa; Francisco/Francisca; María e Juan) acumulan máis do 80% das eleccións, circunstancia que nos leva a reflexionar sobre os motivos das distintas opcións.

III. Criterios de elección

- a) O nome dos pais e padriños na proporción que se especifica na táboa:

Táboa 1. Coincidencia entre os nomes dos bautizados e os dos pais, nais, padriños e madriñas

Nome do pai	6´69%	18´00
Nome da nai	11´31%	
Nome do padriño	51´59%	82´00
Nome da madriña	30´41%	

Unha cuarta parte dos bautizados (25´24%, equivalente a 941 persoas) sitúanse á marxe da norma maioritaria. Nin que dicir ten que a posibilidade de combinacións é inmensa. Así, un meniño pode levar nomes que coincidan co pai e madriña, tamén co do patrón da parroquia, avó e santo da onomástica do día do nacemento...

- b) O Santo Patrono da parroquia. Localizamos en Guimarei (San Julián, Xulián ou Xiao) 19 “Julianes” e 6 “Julianas”. En Ouzande (San Lorenzo ou Lourenzo) 25 “Lorenzos” e 12 “Lorenzas”, aínda que en Figueroa (San Paio ou Pelayo) só 2 “Pelayos”.
- c) O nome da persoa que aplicou ao neonato en perigo o bautismo de urxencia ou auga de socorro, e que xeralmente, en caso de supervivencia, exercía de padriño na posterior cerimonia de imposición do nome e santos óleos; lembremos a Socorro Francisca.

- d) A onomástica do día do nacemento e, con menos frecuencia, a do bautizo: Isabel, Eulalia, Miguel, Antonio, José, Benito, Gregorio, Nicolás, Manuel, Rosa, Inés, Catalina e Blas son algún deles. Na táboa de frecuencias, sen embargo, o que maior número de correspondencias presentan son Jacobo-Santiago, Lucía, Roque, Andrés e Juan.
- e) As festividades de raigame popular, como Pascua-Pascuala-Pascual, Ascensión, Natividade, Epifanio, Santos e Concepción.

IV. Os nomes máis frecuentes

O repertorio onomástico deste estudo é de 265 nomes: 135 de varóns e 130 femininos. Sen embargo a táboa de frecuencias reflexa unha preferencia moi claras por algún deles.

Táboa 2. Os 10 nomes de varón máis numerosos. Frecuencias

Antonio	702	Luis	54
José	345	Manuel	146
Francisco	248	Pedro	109
Juan	238	Andrés	102
Domingo	188	Benito	83

Táboa 3. Os 10 nomes de muller máis numerosos. Frecuencias

María	793	Juana	115
Antonia	373	Benita	108
Josefa	311	Dominga	95
Francisca	207	Jacinta	58
Manuela	142	Catalina	48

Varios deste nomes femininos (Antonia, Francisca, Benita, Dominga, Josefa, Juana e Manuela) proceden do seu homónimo masculino co que se asimilan. Quedarían pois, como exclusivamente femininos, María, Catalina e Jacinta. Unificando pois ambas as dúas listas obtemos os nomes do santoral católico máis frecuentes en Ouzande, Guimarei e Figueroa:

Benito	1266	Domingo	283
Antonio	1075	Pedro	109
María	793	Andrés	102
José	656	Jacinta	58
Francisco	395	Luis	54
Juan	353	Catalina	48
Manuel	288		

O éxito dos nomes José e María, nas súas acepcións masculina e feminina, José, Josefa, José María, Josefa María ou María Josefa, por exemplo, explícase abondo polo seu protagonismo na historia sagrada neotestamentaria como fundadores da Sagrada Familia, no seo da que naceu O Salvador, Xesús de Nazaret, nome, por outra parte, moi pouco frecuente nos séculos XVII e XVIII na Estrada. O nome de Manuel está moi relacionado co ciclo do Nadal. Celébrase o un de xaneiro, día da Santa María Nai de Deus, e procede do nome bíblico ou sobrenome de Xesús, *Emanuel*, que significa Deus entre nós. A abondosa presenza de Manueles e Manuelas –que contrasta, como queda dito coa escaseza de Jesús–, quizás atope explicación no ancestral temor reverencial a pronunciar o nome da divindade.

Andrés, Juan e Pedro, discípulos predilectos de Cristo, gozaron tamén de enorme prestixio pola súa proximidade ao Mestre. Quedaría por explicar o éxito de Benito, Antonio, Francisco, Domingo, Jacinta, Luis e Catalina, nomes todos eles alleos ao relato bíblico pero moi vinculados cos santos das distintas congregacións de monxes regulares que durante toda a Idade Media, e con particular intensidade nas datas posteriores ao Concilio de Trento, levaron a cabo a segunda evanxelización das áreas rurais. As Santas misións, prédicas e catequese daqueles territorios estaban especialmente encomendadas aos frades Dominicós, Benedictinos, Franciscanos e tamén Xesuítas.

Dade gracias a Yahveh, aclamade o seu nome, difundide entre os pobos os seus feitos, pregoade que é sublime o seu nome.

Isaías 12, 4.

É doado pensar que mentres anunciaban aos pobos o santo nome de Deus cada quen loubase a porfía ao fundador e santos da súa orde

nos sermóns e milagreiras historias inspirados nos relatos da *Flos Sanctorum*, *Actus Beati Francisci*, *Codex Calixtinus* e outros. Ofrecían como exemplo as súas vidas de santidade e recomendaban aos pais os seus nomes –no que se percibe tamén unha intención propagandística– para bautizar aos meniños, na procura dun padriñazgo celestial paralelo ao que lles brindaban os seus padriños terreaís. Benita e Benito concitan o maior número de eleccións entre os estradenses dos séculos XVII e XVIII o que fala do poder e influencia da orde benedictina en Galicia no transcurso do Antigo Réxime e da súa intervención na catequese do rural. O mesmo pode dicirse de Francisca e Francisco e Antonio (de Padua), da regra franciscana, quizais o santo máis popular da era moderna. A él se encomendaban as mulleres estériles e as solteiras na procura de matrimonio; a súa imaxe, un frade xove co Neno Xesús no colo portando una vara de azucena (*un santo bonitiño*), estimulaba a devoción dos fieis. Santa Jacinta e San Luis profesaron na mesma regra. Por último, Santo Domingo, fundador da Orde Dominicana e Santa Catalina de Siena, da Orden Terceira de Santo Domingo, rematan o repertorio da onomástica inspirada no santoral das máis importantes ordes relixiosas. Ignacio, o nome do fundador da Compañía de Xesús, encontraríase en decimosexto lugar no orde de preferencia.

V. O número de nomes

No século XVII son realmente escasos os nomes compostos, que se van impondo a medida que avanzamos na seguinte centuria. O cómputo final, sen embargo, mostra un equilibrio entre a fórmula simple e a dobre, relegando as demais opción a lugares bastante alonxados.

Táboa 5. Número de nomes por persoa

Nº de nomes	Nº de persoas	Porcentaxe
5	5	0'12
4	24	0'6
3	481	12
2	1719	42'9
1	1779	44'38
TOTAL	4.008	100

VI. A orde nos nomes compostos

Non deixa de constituír un enigma a tendencia de certos nomes a ocupar una determinada posición nos nomes compostos. Os casos de Antonio-Antonia e María son, neste sentido, paradigmáticos. Así, comprobamos que o primeiro binomio prefere a segunda posición (nun 62% dos casos), mentres que de cada 100 veces que aparece o nome de María, 87 faino no primeiro lugar. Por outra parte os nomes de Catalina, Juan, Domingo, Pedro, José e Luis manteñen ao longo dos séculos a súa posición preeminente.

A reiterada combinación duns poucos nomes pódenos levar a pensar nun caos onomástico que imposibilitaba a cabal identificación das persoas: a modo de exemplo diremos que entre 1711 e 1750, aproximadamente, conviviron no reducido ámbito da parroquia de Guimarei 5 Andrés Antonio; 22 Domingo Antonio; 16 Francisco Antonio; 21 José Antonio; 17 María Antonia; trinta Marías e tres ducias de Josés. Sen embargo podemos ter a seguridade de que cada persoa podía ser perfectamente localizada sen posibilidade ninguna de erro pois a sabiduría popular habilitou unha serie de recursos que evitaban a confusión. Os nomes singulares, raros, pouco frecuentes ou únicos (Umbelina, Onúfero, Ulpiano ou Valenta, por exemplo) non ofrecían dificultade. A combinación de distintos nomes contribuíu así mesmo a identificar ás persoas e nos casos ambiguos aplicábanse os hipocorísticos, diminutivos, motes, alcumes ou sobrenomes polos que, aínda agora, se recoñecen e persoalizan individuos, casas, familias ou incluso estirpes enteiras.

Táboa 6. Nomes compostos e lugar que ocupa cada un deles. Varóns

Nomes	1º	2º	3º	4º	Total
Antonio	99	496	105	2	702
José	268	64	12	1	345
Francisco	184	56	8		248
Juan	224	12	2		238
Domingo	175	10	3		188
Manuel	113	27	6		146
Pedro	107	2			109
Andrés	79	21	1	1	102
Benito	54	20	9		83
Luis	49	4	1		54

Táboa 7. Nomes compostos e lugar que ocupa cada un deles. Mulleres

Nomes	1º	2º	3º	4º	Total
María	691	92	9	1	793
Antonia	71	222	78	2	373
Josefa	161	132	16	2	311
Francisca	113	81	12	1	207
Manuela	104	36	2		142
Juana	88	26	1		115
Benita	39	59	9	1	108
Dominga	82	10	3		95
Jacinta	32	21	5		58
Catalina	43	3	2		48

VII. A transcripción dos nomes

Auténticos fósiles onomásticos, prodixios de eufónica beleza, candorosas incorreccións do amanuense, híbridos espécimes diglósicos a medio camiño entre o galego e o castelán... a lectura do extenso catálogo dos nomes acumulados durante dous séculos depáranos por veces sorprendentes descubrimentos. Citamos en primeiro lugar o nome Onífero, precursor evolutivo do actual Onofre; Inecia, do que procede Inés. Apolonia, transcrito habitualmente como “Polonia”, Liberata, Estefana, Acensio, Alexos...

Observamos numerosas alternancia de grafías galegas e casteláns así como vacilacións fonéticas: Alberte/Alberto; Caetano/Cayetano; Domingo/Domingos; Esteban/Esteban; Jacob/Jacobo; Jorge/Jorxe/Xorxe; Manoel/Manuel; Michael/Miguel; Pablo/Pablos; Andrea/Andresa; Caetana/Cayetana; Apolonia/Polonia; Estefana/Estefanía; Joana/Juana; Margarida/Margarita; Marina/Mariña; Pascua/Pascuala; Valenta/Valentina. O epiceno Ventura, que tantas confusións ten orixinado, denomina, indistintamente, a varóns e mulleres; no noso caso localizamos 11 correspondentes a mulleres, precedidos case sempre de María, e só catro nomes masculinos.

VIII. Os apelidos

Transcríbense coidadosamente nas actas de nacemento, sen embargo falta o segundo nos rexistros de falecidos do século dezasete; nas partidas de fillos ilexítimos faise constar exclusivamente o apelido da nai. Non poden elixirse, coma os nomes, nin decidir cantos ha levar cada bautizado. Sen embargo o seu estudo diacrónico confírmanos a capacidade destas partículas -invariables desde o punto de vista gramatical-, para evolucionar, transformarse, disgregarse en familias e adoptar flexións. É por iso que consideramos oportuno transcribir literalmente nos apéndice habilitados ao final deste traballo todas as versión dun apelido, resultado, as máis das veces, dun desfase entre a versión fonética e a súa transcripción no papel, mais tamén da colisión entre a lingua popular reservada á fala e a culta ou oficial na que se sustanciaba toda a documentación.

IX. Apelidos masculinos e femininos

Algúns apelidos son susceptibles de adoptar a flexión de xénero según cadren nun home ou muller: os irmáns Francisca González Cambota e Pedro González Cambote, de Guimarei. E do mesmo xeito o fillo de Alberto Pereira e María Soutiña foi Lorenzo Pereira Soutiño; e Frutuoso Nogueiras Paseiro, pola súa parte, descende de Esteban Nogueiras e Jacinta Paseira. Transcribimos a continuación os casos localizados de flexión de xénero dos apelidos tanto dos bautizados como de seus pais, padriños ou avós.

Balado-Balada	Colmeiro-Colmeira
Barreira-Barreiro	Cordo-Corda
Bergueiro-Bergueira	Couceiro-Couceira
Besteiro-Besteira	Deitor-Deitora
Bouzón-Bouçoa-Bouzoa	Durán-Durana
Caeiro-Caeira	Franco-Franca
Carbón-Carboa	Garrido-Garrida
Castelo-Castela	Janeiro-Janeira
Cerviño-Cerviña	Loimil-Loimila

Luís-Luísa	Reigoso-Reigosa
Mosteiro-Mosteira	Rey-Reino-Reina
Moure-Moura	Sotelo-Sotela
Muíño-Muíña	Sueiro-Sueira
Picallo-Picalla	Tallón-Taloo-Talloa
Piñeiro-Piñeira	Tato-Tata
Porto-Porta	Terceiro-Terceira

X. As partículas “de” e “do” que preceden ao apelido

Pódense considerar xa como arcaísmo próximo á súa desaparición a mediados do século XVIII, sen embargo era frecuentísimo en épocas anteriores. A evolución dos sons “de” ou “do” + apelido, por aglutinación, observa as variantes: de Orelle → Dorelle; de Eira → Deira; de Héitor → Deitor, Deitora; de/do Outeiro → Douteiro. Aparece tamén a variedade do Campo → Docampo e San Xiao → Sanxiao, nos que non hai perda de vocal.

XI. Vacilacións fonéticas

No corpus dos apelidos estradenses aprécianse interesantes casos de vacilación fonética que denotan, fundamentalmente, un desaxuste entre a pronunciación e a súa plasmación gráfica na escrita. Salientamos os seguintes: Basteira-Basteiro; Besteira-Besteiro. Balcácer-Balcarce-Balcárcel-Balcázar; Valcácer-Valcarce-Valcárcel. Vigín-Vixín. Janeiro-Xaneiro. Saborido-Saburido. Sanmartín-Sanmartiño. Señorán-Señoráns. Cajaraville-Casarville-Caxaraville-Caxarville. Constenla-Costenla-Costela. Ferradáns-Ferradáns. Marque-Márquez-Marques. Martínez-Martís. Requeijo-Requeixo. Rodríguez-Rodrigues.

XII. Un curioso caso de composición epentética

Encontrámolo no apelido Eyo, de certa frecuencia en Guimarei. Formouse a partir da forma “Eo”, documentada tamén como “do Eo”, que se transformou en Eio trala introducción do i por epéntese, adoptando logo a grafía castelán actual Eyo.

Apéndices

1. Nomes de homes ordeados alfabeticamente

Acensio	Eleuterio	Julián
Agustín	Enrique	Justo
Alberte	Epifanio	Lamberto
Alberto	Esteban	León
Alexandro	Estebo	Lorenzo
Alexos	Eufemio	Lucas
Alonso	Eugenio	Luís
Amaro	Fabián	Manoel
Ambrosio	Feliciano	Manuel
Andrés	Felipe	Marcelo
Ángel	Félix	Marcos
Anselmo	Fernando	Martín
Antonio	Ferrer	Mateo
Asencio	Francisco	Matías
Baltasar	Froilán	Mauro
Bartolomé	Fructuoso	Melchor
Basilio	Fruilán	Michael
Bautista	Gabriel	Miguel
Benito	Gaspar	Narciso
Bernabé	Gerardo	Neri
Bernardino	Gerónimo	Nicolás
Bernardo	Gonzalo	Onúfero
Blas	Gregorio	Pablo
Bonifacio	Hermenegildo	Pablos
Buenaventura	Hipólito	Pantaleón
Caetano	Ignacio	Pascual
Carlos	Inocencio	Pastor
Casimiro	Isidro	Patricio
Cayetano	Jacinto	Paulo
Celestino	Jacob	Pedro
Clemente	Jacobo	Pelayo
Cosme	Javier	Policarpo
Crescencio	Jesús	Ponciano
Crisóstomo	Joaquín	Prudencio
Cristóbal	Jorge	Rafael
Diego	Jorxe	Raimundo
Domingo	José	Ramón
Domingos	Juan	Remigio

Roque	Silvester	Valentín
Rosendo	Silvestre	Ventura
Salvador	Simón	Vicente
Santiago	Telesforo	Victorio
Santos	Tomás	Xavier
Sebastián	Tomé	Xorxe
Serafín	Ulpiano	

Total: 134

2. Nomes de mulleres ordeados alfabeticamente

Ágata	Clara	Gaspara
Agustina	Concepción	Gerónima
Alberta	Constanza	Gertrudis
Alonsa	Crisanta	Gregoria
Ambrosia	Cristina	Helena
Ana	Cruz	Hipólita
Anastasia	Daniela	Ifigenia
Andrea	Desamparados	Ignacia
Andresa	Dolores	Ildefonsa
Ángela	Dominga	Inecia
Antonia	Dorotea	Inés
Apolonia	Elena	Inocencia
Argentina	Eleuteria	Isabel
Ascensión	Erena	Jacinta
Baltasara	Esteba	Jacoba
Bárbara	Estefana	Joana
Bartolomea	Estefanía	Joaquina
Beatriz	Eugenia	Josefa
Benita	Eulalia	Juana
Bernarda	Fabiana	Juliana
Caetana	Feliciana	Justa
Cándida	Felipa	Leocadia
Carmela	Fermina	Leonarda
Carmen	Florencia	Leonor
Casilda	Florentina	Liberata
Catalina	Francisca	Lorenza
Caterina	Froilana	Lucía
Cayetana	Fructuosa	Luía
Cecilia	Gabriela	Magdalena

Manuela	O	Susana
Margarida	Pascua	Teresa
Margarita	Pascuala	Timotea
María	Paula	Tomasa
Mariana	Pilar	Toribia
Marina	Rafaela	Umbelina
Mariña	Ramona	Úrsula
Marta	Rita	Valenta
Martina	Rosa	Valentina
Matilda	Rosalía	Valentina
Melchora	Rosario	Ventura
Micaela	Salomé	Vicenta
Mónica	Sebastiana	Vicenta
Natividad	Silvestra	
Nicolasa	Socorro	

Total: 130

3. Táboa de frecuencias. Nomes femininos

María	793	Lorenza	22	Alberta	7
Antonia	373	Andresa	21	Jacoba	7
Josefa	311	Inés	18	Gabriela	6
Francisca	207	Rosalía	18	Nicolasa	6
Manuela	142	Agustina	17	Silvestra	6
Juana	115	Bernarda	15	Apolonia	5
Benita	108	Lucía	14	Esteba	5
Dominga	95	Caetana	13	Eugenia	5
Jacinta	58	Gregoria	13	Felipa	5
Catalina	48	Micaela	13	Florentina	5
Rosa	46	Cayetana	12	Mariña	5
Ignacia	45	Margarita	12	Paula	5
Luísa	45	Pascuala	12	Susana	5
Andrea	42	Baltasara	11	Dolores	4
Ana	41	Mariana	11	Gertrudis	4
Ángela	35	Vicenta	11	Marina	4
Pascua	33	Ventura	11	Bárbara	3
Feliciana	27	Magdalena	10	Clara	3
Isabel	24	Juliana	9	Fructuosa	3
Teresa	23	Eulalia	8	Helena	3
Tomasa	23	Socorro	8	Justa	3

Liberata	3	Cándida	1	Joaquina	1
Marta	3	Carmela	1	Leocadia	1
Martina	3	Casilda	1	Leonarda	1
Rafaela	3	Concepción	1	Leonor	1
Ágata	2	Constanza	1	Margarida	1
Ascensión	2	Crisanta	1	Matilda	1
Carmen	2	Cristina	1	Mónica	1
Caterina	2	Cruz	1	Natividad	1
Cecilia	2	Daniela	1	O	1
Fermina	2	Desamparados	1	Pilar	1
Gerónima	2	Dorotea	1	Ramona	1
Hipólita	2	Elena	1	Rosario	1
Ildefonsa	2	Eleuteria	1	Salomé	1
Joana	2	Erena	1	Sebastiana	1
Melchora	2	Estefana	1	Timotea	1
Rita	2	Estefanía	1	Toribia	1
Valentina	2	Fabiana	1	Umbelina	1
Alonsa	1	Florencia	1	Úrsula	1
Ambrosia	1	Froilana	1	Valenta	1
Anastasia	1	Gaspara	1	Valentina	1
Argentina	1	Ifigenia	1	Vicenta	1
Bartolomea	1	Inecia	1		
Beatriz	1	Inocencia	1		

4. Táboa de frecuencias. Nomes masculinos

Antonio	702	Lorenzo	35	Simón	16
José	345	Bernardo	29	Jorge	15
Francisco	248	Julián	27	Santiago	14
Juan	238	Esteban	26	Felipe	12
Domingo	188	Agustín	25	Fernando	12
Manuel	146	Bartolomé	25	Roque	12
Pedro	109	Ángel	23	Tomás	12
Andrés	102	Jacobo	22	Ambrosio	11
Benito	83	Feliciano	21	Silvestre	10
Luis	54	Ramón	20	Caetano	9
Alonso	51	Alberto	19	Rafael	9
Pascual	48	Cayetano	19	Rosendo	9
Gregorio	41	Eugenio	18	Alberte	8
Jacinto	41	Vicente	18	Blas	8
Miguel	37	Baltasar	17	Jacob	8
Ignacio	36	Gabriel	16	Marcelo	8

Clemente	7	Diego	2	Hipólito	1
Gerónimo	7	Enrique	2	Inocencio	1
Jesús	7	Lucas	2	Isidro	1
Joaquín	7	Mateo	2	Javier	1
Amaro	6	Pelayo	2	Jorxe	1
Matías	5	Acensio	1	Justo	1
Bautista	4	Alexandro	1	Lamberto	1
Domingos	4	Anselmo	1	León	1
Fructuoso	4	Basilio	1	Manoel	1
Marcos	4	Bernardino	1	Michael	1
Martín	4	Carlos	1	Narciso	1
Nicolás	4	Casimiro	1	Neri	1
Pablo	4	Celestino	1	Onúfero	1
Patricio	4	Cosme	1	Pablos	1
Salvador	4	Crescencio	1	Pantaleón	1
Santos	4	Crisóstomo	1	Pastor	1
Sebastián	4	Cristóbal	1	Paulo	1
Ventura	4	Eleuterio	1	Policarpo	1
Alexos	3	Epifanio	1	Ponciano	1
Félix	3	Estebo	1	Prudencio	1
Gaspar	3	Eufemio	1	Remigio	1
Mauro	3	Fabián	1	Serafín	1
Melchor	3	Ferrer	1	Silvester	1
Raimundo	3	Froilán	1	Telesforo	1
Victorio	3	Fruilán	1	Tomé	1
Asencio	2	Gaspar	1	Ulpiano	1
Bernabé	2	Gerardo	1	Valentín	1
Bonifacio	2	Gonzalo	1	Xavier	1
Buenaventura	2	Hermenegildo	1	Xorxe	1

Táboa 5. Apelidos ordeados alfabeticamente

Aldao	Balcácer	Barreira
Alonso	Balcárce	Barreiro
Álvarez	Balcárcel	Barreiros
Ameijeiras	Balcázar	Barro
Andújar	Balseiros	Barros
Ares	Baltar	Basteira
Arias	Balteiro	Basteiro
Armesto	Baños	Berdial
Balada	Barcala	Bergueiro
Balado	Barcía	Bermúdez

Berner	Cebeiro	Eitor
Besteira	Cerqueira	Espiño
Besteiro	Cerqueiro	Eyo
Betanzos	Cervela	Fandiño
Blanco	Cerviña	Fernández
Boán	Cerviño	Ferradáns
Borrajeiros	Chao	Ferradás
Bouza	Chedas	Ferreira
Bouzas	Cibeira	Ferreiro
Bouzoa	Cibeiro	Ferrín
Bouzón	Cira	Ferro
Braña	Cobas	Festa
Brea	Coello	Figueira
Brey	Colmeira	Figueiras
Buela	Conde	Figueroa
Bugallo	Constenla	Fonte
Cadavid	Conda	Fraga
Caeira	Correa	Fraguío
Cajaraville	Cortizo	Franca
Calvelo	Costa	Franco
Camara	Costela	Freán
Camba	Costenla	Fredis
Cambote	Costoya	Fuente
Campo	Coto	Fuentes
Campos	Couceiro	Gamallo
Canosa	Couto	García
Caramés	Cubelo	Garea
Carballo	Cuñado	Garellas
Carbia	Cuñarro	Garrida
Carboa	Deira	Gestoso
Carbón	Deitor	Gil
Cargado	Deitora	Ginzo
Carpinteiro	Diéguez	Gofina
Casanova	Diz	Gofino
Casarville	Docampo	Goldar
Castela	Domínguez	Gómez
Castelo	Dono	Gontade
Castrelo	Dorelle	González
Castro	Douteiro	Graña
Castroverde	Durán	Grila
Caxaraville	Durana	Gutiérrez
Caxarville	Eira	Hermida

Iglesia	Moura	Pernas
Janeira	Mourelle	Perta
Janeiro	Movilla	Pes
Lago	Muíña	Picallo
Lagos	Muíño	Picáns
Leal	Negreira	Pinto
Lis	Nercellas	Piñeira
Loimila	Nieves	Piñeiro
López	Niveiro	Piño
Lorenzo	Niveiros	Piñón
Loureiro	Nodar	Piso
Louzao	Nogueira	Ponte
Magán	Nogueiras	Porta
Magariños	Norcellas	Portela
Mámoa	Núñez	Porto
Manselle	Oliveira	Posse
Maqueira	Ortega	Pousada
Mariño	Otero	Prado
Marque	Outeiro	Puente
Marques	Paadín	Pumares
Marquesa	Painceira	Quintas
Márquez	Painceiras	Quiroga
Martínez	Paloma	Rama
Martís	Parafita	Rarís
Martisa	Paramá	Rariz
Marzoa	Pardiñas	Rebolo
Matalobos	Pardo	Reigosa
Meilán	Parga	Reigoso
Méndez	Paseiro	Reimóndez
Miranda	Paz	Reina
Moldes	Pazo	Reino
Molino	Pazos	Requeijo
Montaos	Pedregal	Requeixo
Monte	Pedreira	Rey
Monteagudo	Pena	Reza
Montenegro	Penas	Riba
Montero	Penela	Ribadavia
Monteiro	Peña	Ribadulla
Montouto	Pereira	Ribas
Moraña	Pereiras	Ribeira
Mosteira	Pereiro	Ribeiro
Mosteiro	Pérez	Ribera

Ribero	Sosa	Valcárce
Río	Sotelo	Valcárcel
Rodo	Soto	Vales
Rodríguez	Sousa	Vama
Rodriguez	Soutelo	Varela
Rosende	Soutiño	Vázquez
Rubín	Souto	Veiga
Rubiña	Suárez	Verde
Ruibal	Taboada	Vicente
Ruzo	Talló	Vidal
Saborido	Talloa	Vigín
Saburido	Tallón	Vigo
Samartiño	Taloo	Vila
Sangiao	Tarrío	Vilaboa
Sangro	Tata	Vilar
Sanjorge	Tato	Vilas
Sanmartín	Teixeiro	Vilaverde
Sanmartiño	Terceira	Villanueva
Santiago	Terceiro	Villar
Santos	Tizón	Villaverde
Sanxiao	Torrado	Vinceiro
Sanxorxe	Torre	Vinseiro
Sarmiento	Torres	Vixín
Sarria	Tosar	Vizoso
Señorán	Touceda	Xaneiro
Señoráns	Touriño	Xil
Seoane	Toxo	Yáñez
Silva	Trigo	
Soneira	Troncoso	
Sorriba	Valcácer	

Táboa 6. Apellidos. Táboa de frecuencias

Ribeira	368	Graña	185	Riba	117
Ponte	363	Pereira	160	Porto	114
Rodríguez	323	Tosar	149	Sangiao	100
Durán	243	Villaverde	140	Carballo	90
Castro	233	Touceda	133	Rey	88
Fernández	224	González	128	Souto	88
Pazo	206	Tato	124	Porta	85
Campo	204	Ferro	119	Coto	80
Matalobos	186	Blanco	118	Torre	74

Barro	72	Barros	25	Reina	10
Constenla	70	Fonte	25	Ares	9
Terceiro	70	Ameijeiras	24	Conde	9
Carbón	68	Festa	24	Gestoso	9
Sanmartín	67	Pazos	24	Silva	9
Sotelo	62	Pedregal	24	Camara	8
Cortizo	59	Gómez	23	Camba	8
Valcárcel	55	Balcácer	21	Ferreiro	8
Goldar	54	Eira	21	Fuente	8
Trigo	53	Monteiro	21	Pereiras	8
Barcala	52	Piso	21	Pinto	8
Bergueiro	52	Valcácer	20	Vilaverde	8
Penas	50	Vigín	20	Deitor	7
Soutelo	47	Cerqueira	18	Picáns	7
Vicente	47	Cuñarro	18	Rama	7
Vinseiro	47	Rebolo	17	Cadavid	6
Pena	46	Seoane	17	Castelo	6
Vázquez	46	Torrado	17	Caxarville	6
Paramá	45	Verde	17	Cerviño	6
Louzao	43	Caramés	16	Correa	6
iglesia	40	Ferrín	16	Franco	6
Couceiro	37	Balado	14	Janeiro	6
Otero	37	Nogueira	14	López	6
Picallo	37	Ruzo	14	Magán	6
Carbia	36	Señorán	14	Nieves	6
Costenla	36	Cervela	13	Rubín	6
Bermúdez	35	Diéguez	13	Soneira	6
Meilán	35	Freán	13	Tallón	6
Paz	34	Loureiro	13	Villar	6
Piñeiro	34	Ribadulla	13	Álvarez	5
Marque	32	Balseiros	12	Buela	5
García	31	Bouzón	12	Caxaraville	5
Hermida	31	Ferradáns	12	Chao	5
Baños	30	Martínez	12	Domínguez	5
Couto	30	Painceira	12	Figueira	5
Outeiro	30	Peña	12	Márquez	5
Calvelo	29	Vila	12	Olivera	5
Deira	27	Brea	11	Pernas	5
Montenegro	27	Ferradás	11	Posse	5
Bugallo	26	Gil	11	Ribadavia	5
Núñez	26	Rosende	11	Sanxiao	5
Vales	26	Besteiro	10	Sarria	5

Señoráns	5	Reino	3	Pousada	2
Suárez	5	Ribera	3	Puente	2
Taboada	5	Río	3	Rarís	2
Vixín	5	Sanmartiño	3	Requeijo	2
Álvarez	4	Santiago	3	Requeixo	2
Andújar	4	Sousa	3	Ribas	2
Barreiro	4	Talloa	3	Ribeiro	2
Basteiro	4	Torres	3	Sangro	2
Besteira	4	Varela	3	Sanxorxe	2
Castela	4	Vilar	3	Sarmiento	2
Dono	4	Vinceiro	3	Taloo	2
Marzoa	4	Xaneiro	2	Teixeiro	2
Montero	4	Xil	2	Terceira	2
Montouto	4	Armesto	2	Vidal	2
Moraña	4	Barreira	2	Villanueva	1
Mosteiro	4	Basteira	2	Yáñez	1
Moura	4	Cajaraville	2	Aldao	1
Norcellas	4	Cambote	2	Arias	1
Ortega	4	Campos	2	Balada	1
Parafita	4	Carboa	2	Balcárce	1
Pes	4	Cobas	2	Balcárcel	1
Quintas	4	Costoya	2	Baltar	1
Rodo	4	Cubelo	2	Balteiro	1
Soto	4	Docampo	2	Barcia	1
Touriño	4	Dorelle	2	Barreiros	1
Toxo	4	Douteiro	2	Berdial	1
Alonso	3	Espiño	2	Berner	1
Balcázar	3	Ferreira	2	Betanzos	1
Bouzoa	3	Figueiras	2	Boán	1
Castrelo	3	Fraga	2	Borrajeiros	1
Chedas	3	Fuentes	2	Bouza	1
Coello	3	Lis	2	Bouzas	1
Eyo	3	Loimila	2	Braña	1
Fredis	3	Marques	2	Brey	1
Janeira	3	Martís	2	Caeira	1
Lorenzo	3	Martisa	2	Cajarville	1
Magariños	3	Moldes	2	Canosa	1
Movilla	3	Monteagudo	2	Cargado	1
Niveiro	3	Paseiro	2	Carpinteiro	1
Paadín	3	Perta	2	Casanova	1
Penela	3	Piño	2	Casarville	1
Prado	3	Portela	2	Castroverde	1

Cebeiro	1	Mámoa	1	Rariz	1
Cerqueiro	1	Manselle	1	Reigosa	1
Cerviña	1	Maqueira	1	Reigoso	1
Cibeira	1	Mariño	1	Reimóndez	1
Cibeiro	1	Marquesa	1	Reza	1
Cira	1	Méndez	1	Ribero	1
Colmeira	1	Miranda	1	Rodríguez	1
Corda	1	Molino	1	Rubiña	1
Costa	1	Montaos	1	Ruibal	1
Costela	1	Monte	1	Saborido	1
Cuñado	1	Mosteira	1	Saburido	1
Deitora	1	Mourelle	1	Samartiño	1
Diz	1	Muíña	1	Sanjorge	1
Durana	1	Muíño	1	Santos	1
Eitor	1	Negreira	1	Sorriba	1
Fandiño	1	Nercellas	1	Sosa	1
Figueroa	1	Niveiros	1	Soutiño	1
Fraguío	1	Nodar	1	Talló	1
Franca	1	Nogueiras	1	Tarrío	1
Gamallo	1	Painceiras	1	Tata	1
Garea	1	Paloma	1	Tizón	1
Garellas	1	Pardiñas	1	Troncoso	1
Garrida	1	Pardo	1	Valcárce	1
Ginzo	1	Parga	1	Vama	1
Gofina	1	Pedreira	1	Veiga	1
Gofino	1	Pereiro	1	Vigo	1
Gontade	1	Pérez	1	Vilaboa	1
Grila	1	Piñeira	1	Vilas	1
Lago	1	Piñón	1	Vizoso	1
Lagos	1	Pumares	1		
Leal	1	Quiroga	1		